

## LINGUA GALEGA E LITERATURA II

### OPCIÓN A

O pintor fora un día pintar os tolos no manicomio de Conxo. Quería retratar as paisaxes que a dor psíquica ara nos rostros. A doenza mental, pensaba o pintor, esperta en nós unha reacción expulsiva. O medo ante o tolo precede á compaixón, que ás veces nunca chega. Quizais, cría el, porque intuímos que esa doenza forma parte dunha especie de alma común e anda por aí ceiba para escoller un ou outro corpo, segundo lle veñan dadas. De aí a tendencia a facer invisible o doente. O pintor recordaba un cuarto sempre pecho nunha casa veciña. Un día escoitou laios e preguntou quen estaba alí. A dona da casa díxolle: Ninguén.

O escenario do manicomio era arrepiante. Non porque os doentes se dirixiran a el de xeito ameazador, pois só moi poucos o fixeran e dun xeito que semellaba ritual. O que abraiou ao pintor foi a mirada dos que non miraban. Aquela renuncia ás latitudes, o absoluto deslugar polo que camiñaban.

Anoitecía. Recolleu o caderno e foi cara á portería. O pecho estaba botado cun enorme cadeado. E alí non había ninguén. O pintor chamou polo celador, primeiro a modo, logo a voces. Pasados uns minutos, veu un home risoño, novo pero traxado, que lle preguntou qué pasaba. O pintor díxolle que era pintor, que viñera alí con permiso para retratar os doentes e que se despistara coa hora. E aquel mozo traxado díxolle moi serio: Iso mesmo me pasou a min. E aquí levo pechado dous anos.

Pero eu non estou tolo!

Iso mesmo dixen eu.

E como o viu ao borde do pánico, sorriu e descubriuse: É unha broma. Son médico. Tranquilo, que agora saímos.

Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*, 1998

1. Comenta brevemente o sentido que teñen no texto os seguintes enunciados: [1 punto]

— *A doenza mental esperta en nós unha reacción expulsiva* (líña 2).

— *O que abraiou ao pintor foi a mirada dos que non miraban. Aquela renuncia ás latitudes, o absoluto deslugar polo que camiñaban* (líñas 9-10).

2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras ou expresións: *arar no rostro* (líña 2), *compaixón* (l. 3), *segundo lle veñan dadas* (l. 5), *arrepiante* (l. 8), *cadeado* (l. 11). Non son válidas as respostas só con sinónimos [1 punto]

3. Rivas presenta o manicomio do texto como algo parecido a un cárcere. Redacta un texto comparando ambas as institucións e expoñendo a túa opinión sobre a súa necesidade e a súa eficacia para acadaren os fins para os que foron concibidas. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

4. Fíxate nas catro formas que marcadas na líña 13. Identifica o tipo e subtipo de palabra que é cada unha delas (ex., conxunción disxuntiva) e o tipo de oración que cada unha delas introduce. [1 punto]

5. Comenta as diferenzas de forma e de contido entre as seguintes tres construcións, variantes do mesmo enunciado. Indica, para as variantes *b* e *c*, a que preguntas poderían ser dadas como resposta [1 punto]

– construción a) *Iso dixen eu* (é a usada no texto, líña 17)

– construción b) *Iso díxeno eu*

– construción c) *Eu dixen iso*

6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]

a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]

a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA II

### OPCIÓN B

O fenómeno da morte das linguas seguramente é tan antigo como a propia existencia da linguaxe e do contacto entre linguas. A diferenza cos procesos do pasado é, con todo, a velocidade e a cantidade na que se dan actualmente. Non hai ningún lugar no mundo onde non se estea a restrinxir a diversidade lingüística, e a situación de moitas comunidades leva a pensar que, ao longo deste século, poden desaparecer entre o 50 e o 95% das linguas faladas na actualidade.

A UNESCO alertou sobre a perda da diversidade lingüística e fixo varias recomendacións para deter e reverter o proceso de homoxeneización lingüística no mundo. Pero a consideración deste proceso como un problema grave para a humanidade espertou moi recentemente. A comunidade científica, e moi especialmente os lingüistas, tardaron moito en decatárense das implicacións deste fenómeno, ata convertelo na actualidade en motivo de preocupación e en obxecto de investigación preferente.

A morte dunha lingua non significa unicamente a perda dun sistema de comunicación ou dunha parte do patrimonio inmaterial da humanidade. É un proceso devastador no que unha comunidade, empurrada por circunstancias sempre insoportables, abandona o uso da súa lingua. Pero é tamén un proceso individual no que unha persoa, un membro dunha comunidade implicada nun proceso de substitución, corta o vínculo máis íntimo cos devanceiros e coa súa historia. O desarraigamento por substitución lingüística, que adoita comportar un desexo de mellora, paradoxalmente adoita acabar na marxinação de individuos que, ao renunciaren á súa historia, se atopan sen pasado e sen futuro e sen saberen cal é o seu lugar no mundo.

Adaptado de Carme Junyent, en *Sociedades plurilingües*, 2009

1. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias do texto [1 punto]
2. Explica coas túas propias palabras o paradoxo, asociado aos procesos de substitución lingüística, a que alude a autora na parte final do seu texto (liñas 15-18). Por que é un paradoxo? [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada as vantaxes e inconvenientes da hipótese de chegarmos a ter unha lingua universal. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Analiza sintacticamente as dúas seguintes frases: [1 punto]
  - a) *O fenómeno da morte das linguas* (liña 1)
  - b) *O patrimonio inmaterial da humanidade* (liña 12)
5. Comenta a concordancia verbal que aparece no seguinte exemplo: *A comunidade científica, e moi especialmente os lingüistas, tardaron moito en...* (liñas 8-9). Podería ou debería ir o verbo en singular? Por que cres que o pon a autora en plural? [1 punto]
6. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras) [1 punto]
  - a) Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
  - b) Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
7. Responde unha destas dúas preguntas. (Escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras) [2 puntos]
  - a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
  - b) A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA II

### OPCIÓN A

2 En Nova York conformábame con levar una vida que tiña como atractivo o simple feito de ser diferente da miña vida de París.

4 Cando camiñaba por Queens, oía falar galego dentro das casas, nos xardíns, cos nenos xogando na rúa. En Queens os galegos facían esas cousas que en París xamais nos atreveríamos a facer, polo menos algúns. Claro que os galegos de Queens eran traballadores, non exiliados. Emigrantes que se sumaban aos 6 italianos, os irlandeses, os ucráinos e os polacos que convertían cada xardinciño de Queens nun anaco da terra partida de Europa. Nese anaco, os galegos plantaban grelos e nabizas, cantaban alalás, comían polbo 8 e falaban tranquilamente de cando Franco morrese.

10 Ao mellor, cando vin os galegos de Queens, tiven envexa da súa paz apolítica, da súa distancia morriñosa sen rupturas, da súa certeza en que só estaban en Nova York de casualidade, temporalmente, facendo cartos para volver. E entón comprendín por que eu xa non era nada: nin galego nin francés. Co 12 paso dos anos fun quedando baleiro. Tiven que pasear por unha rúa do outro lado do Atlántico e ver as vidas semicheas dos emigrantes galegos para aprenderme a min mesmo.

Inma López Silva, *Memoria de cidades sen luz*, 2008

1. Caracteriza brevemente a contraposición que reflicte o texto entre a maneira como viven a ausencia da terra os emigrantes galegos e o protagonista, un exiliado. [1 punto]

2. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras ou expresións: [1 punto]

— *Tiven envexa da súa paz apolítica* (líña 9)

— *Co paso dos anos fun quedando baleiro* (líñas 11-12)

3. Queens é un dos distritos máis interculturais de Nova York, con habitantes de orixes moi diversas, como indica o texto. Imaxina que iso lle ocorre ao lugar en que vives (non digas cal é!): redacta un texto expoñendo as vantaxes e inconvenientes que esa circunstancia, na túa opinión, suporía. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]

4. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e identifica o valor de cada morfema: *camiñaba* (líña 3), *exiliados* (l. 5), *emigrantes* (l. 5), *semicheas* (l. 13). [1 punto]

5. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *galego* (líña 3), *facer* (l. 4), *grelos* (l. 7), *polbo* (l. 7), *morriñosa* (l. 10), *mesmo* (l. 13). [1 punto]

6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]

a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras). [2 puntos]

a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

b) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA II

### OPCIÓN B

- 2 Arde Galicia porque está abandonada. Arde por mor da física, a química e a bioloxía e porque nos  
4 empeñamos en ignorar o que sabemos de historia. O problema é o mesmo dende hai décadas, pero cada  
6 ano sabemos máis de por que arde, cada ano arde máis e cada ano sáenos máis caro apagar os lumes. O  
8 que non muda é o de botarlle a culpa aos incendiarios, eses seres mitolóxicos que viñeron substituír ás  
10 meigas.
- 6 Arde porque hai demasiada biomasa sen control en condicións de arder: porque está abandonada e ata  
8 as árbores -o seu exceso- son parte dese abandono. Entre o 70 e o 75% do territorio rural galego está  
10 simplemente abandonado. En 1960 máis do 50% do territorio estaba manexado polas explotacións  
12 directamente e outra parte importante eran masas forestais plantadas e coidadas. Nesas terras non arde o  
14 monte porque hai un manexo agropecuario do territorio. Non se trata, non, de volver a hai 50 anos senón  
16 de ollar o presente.
- 12 Esa obsesión por non volver ao pasado impídenos ver a solución que temos diante, na memoria de  
14 calquera vello ou na historia agraria: recuperar o monte como espazo manexado polas explotacións  
16 agropecuarias. Pero levamos tanto tempo reducindo o seu número que semella que non podemos parar. O  
18 que necesitamos para acabar cos incendios é ir a favor da historia e non contra dela, salvar a cultura do  
18 monte como parte dun sistema agrario, recuperar o aprecio polo rural como espazo de actividades  
18 produtivas: agrarias, pecuarias, madeireiras... xuntas, sen segregación, como aínda se fai nalgunhas  
18 comarcas. Como sabemos facer.

Lourenzo Fernández Prieto en *La Voz de Galicia* (27/09/2013)

1. Elabora un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. [1 punto]
2. Por que di o autor (nas liñas 1-2) que Galicia “arde por mor da física, a química e a bioloxía e porque nos empeñamos en ignorar o que sabemos de historia”? Responde apoiándote en elementos do propio texto. [1 punto]
3. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coas ideas que sostén Lourenzo Fernández Prieto no seu artigo. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos]
4. Le os exemplos, fíxate nas partes subliñadas e responde: [1 punto]
  - a) *Eses seres mitolóxicos que viñeron substituír ás meigas* (liñas 3-4): Por que o Complemento Directo leva preposición?
  - b) *Non se trata de volver a hai 50 anos* (liña 10): Por que non pon *fai 50 anos*?
5. Explica as diferenzas formais e de contido entre estas dúas construcións: [1 punto]

*O monte arde porque está abandonado* vs. *O monte arde porque foi abandonado*
6. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 200-250 palabras). [1 punto]
  - a) As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
  - b) O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
7. Responde unha destas dúas preguntas (escolle só unha; extensión aprox. 400 palabras). [2 puntos]
  - a) A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
  - b) O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN A

#### **Pregunta 1:** 1 punto

Avaliase a capacidade para comprender o sentido que teñen os dous fragmentos no texto. Asígnase 0'5 puntos pola correcta interpretación de cada un deles.

#### **Pregunta 2:** 1 punto

Valórase que o/a alumno/a coñeza o significado que teñen no texto as palabras/expresións indicadas e sexa quen de expresalo; na primeira deberá extraer axeitadamente o sentido metafórico que encerra. Por cada palabra/expresión ben explicada, 0'20 puntos.

#### **Pregunta 3:** 3 puntos

Valórase a capacidade para producir un texto que sexa informativo, coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente. Os 3 puntos desagregaranse en tres tramos de 1 punto cada un, do seguinte xeito:

1) Construción textual: 1 punto. Valorarase: 1.a) A adecuada selección da información, coa presenza da información pertinente e necesaria para que o texto sexa cabalmente comprendido, evitando tanto a súa excesiva previsibilidade (clixés, estereotipos, lugares comúns) como a “orixinalidade” gratuita. 1.b) A coherencia discursiva: a sucesión de enunciados do texto debe presentar asemade continuidade temática e progresión informativa, e non introducir contradicións. 1.c) A organización da información: estruturación do texto (e.g., introdución, desenvolvemento, conclusións), argumentación, organización en parágrafos.

2) Adecuación léxico-gramatical: 1 punto. Valorarase a capacidade de construción de textos adecuados á situación (formal) en que estes se producen. Requírese un apropiado manexo dos rexistros da lingua, tanto nas escollas lexicais como no emprego das construcións gramaticais. Deben evitarse tanto os trazos propios da oralidade e dos textos espontáneos e non planificados como os que amosan un requintamento afectado. Bo manexo dos recursos cohesivos, tanto gramaticais como léxicos.

3) Corrección ortográfica e gramatical: 1 punto. Valorarase o correcto dominio da ortografía, dos signos de puntuación e da gramaticalidade das construcións sintácticas e das escollas morfolóxicas, desde o punto de vista do galego estándar.

No caso de textos cunha extensión *manifestamente* menor á solicitada, ao punto de dificultar a súa avaliación consonte os criterios expostos, esta circunstancia dará lugar a unha diminución proporcionada da valoración global da pregunta. *Non se considerarán os textos (ou partes deles) que carezan da necesaria pertinencia con relación ao tema proposto.*

#### **Pregunta 4:** 1 punto

Outórgase 0'25 puntos por cada forma ben comentada: 0'10 puntos pola identificación do tipo de palabra e 0'15 polo tipo de oración. 1º *que*: pron. relativo, oración subordinada adxectiva/relativa; 2º *qué*: pron. interrogativo, oración subordinada substantiva/completiva (interrog. indirecta); 3º e 4º *que*: conxunción subordinativa/completiva, oración subordinada substantiva/completiva.

#### **Pregunta 5:** 1 punto

Outórganse 0'20 puntos pola descrición das diferenzas de forma (orde de constituíntes, clítico, tal vez entoación); 0'20 polas preguntas correspondentes ás variantes *b* e *c*; e 0'60 polas diferenzas de contido: espérase que o/a alumno/a sexa quen de diferenciar os contextos de uso e os distintos valores asociados ás tres variantes: en a) o foco/énfase ponse en *iso*; en b) *iso* é o tema e *eu* o elemento focalizado (< *quen dixo iso?*); en c) normalmente *eu* é o tema (< *ti que dixeches/fixeches?*), pero tamén pode ser o foco, con énfase tonal (< *quen dixo iso?*). En calquera caso, non se esixe o emprego de termos técnicos como os devanditos, senón unha explicación dos diferentes usos asociados a cada forma, que poden ofrecer coas súas propias palabras.

#### **Pregunta 6:** 1 punto

# Criterios de Avaliación / Corrección

Agárdase unha resposta concisa e asemade completa, acorde coa propia puntuación da pregunta e co tempo de que se dispón para o exame. Valorarase a adecuada selección e presentación da información máis relevante sobre o tema escollido, evitando as divagacións e as xeneralidades pouco informativas. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

## **Pregunta 7:** 2 puntos

Valorarase a adecuada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

- a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, grupos, influencias, iniciativas, tendencias...
- b) Información acerca dos principais autores dun período ou corrente. Esta información non só debe facer referencia ás principais obras senón tamén aos trazos que caracterizan cada un dos autores.
- c) Información acerca do que un grupo, autor ou época supuxeron na historia da literatura galega.

Non se considerarán correctas respostas que consistan nunha mera listaxe de autores e obras. A pesar de que se trate dunha pregunta formulada sobre un repertorio pechado e previamente establecido, valorarase tamén a produción dun texto persoal e non dunha reprodución puramente memorística.

## OPCIÓN B

### **Pregunta 1:** 1 punto

Avalíase a capacidade de comprensión analítica do texto. Agárdase a elaboración dun esquema coas ideas que articulan o texto e a súa organización xerárquica.

### **Pregunta 2:** 1 punto

Agárdase que o/a alumno/a sexa quen de identificar e explicar coas súas propias palabras (i.e., sen limitarse a reproducir as do texto) o paradoxo inherente ao feito de que unha persoa abandone a súa lingua para facilitar o ascenso social pero só consiga en realidade propiciar a súa marxinação. Debe quedar clara a idea de que todo paradoxo encerra unha contradición aparente (aínda que realmente non haxa tal).

### **Pregunta 3:** 3 puntos

Aplícanse os criterios expostos na mesma pregunta da opción 1

### **Pregunta 4:** 1 punto

Outórganse 0'50 puntos por cada frase ben analizada. Admítense as diversas terminoloxías e formas de representación gráfica de análise habitualmente empregadas, sempre que se usen de xeito coherente. Resérvanse 0'20 puntos en cada caso para a correcta identificación distinta da estrutura xerárquica dos modificadores das frases: *das linguas* complementa a *morte* e *morte das linguas* a *fenómeno*: [fenómenoN [da morte [das linguas]]]; *inmaterial* complementa a *patrimonio* e *da humanidade* a *patrimonio inmaterial* [[patrimonioN inmaterial] da humanidade]. Os restantes 0'30 puntos de cada análise outórganse pola adecuada identificación de funcións (determinante, núcleo, modificadores) e tipos de unidades (frases e palabras).

### **Pregunta 5:** 1 punto

Espérase o/a alumno/a que identifique a posibilidade alternativa dunha concordancia en singular (0'50) e que vincule a concordancia en plural á presenza contigua ao verbo de os *lingüistas* e/ou á presenza dun esquema coordinativo copulativo (0'50).

### **Pregunta 6:** 1 punto

Vid. opción 1

### **Pregunta 7:** 2 puntos

Vid. opción 1

---

# Criterios de Avaliación / Corrección

## **CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA (opcións A e B)**

En ambas as opcións, ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un **máximo de 2 puntos por erros**. Estes poderán ser:

—*Moi graves*: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clínicos...). Desconto 0'2 puntos c/u.

—*Graves*: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.

—*Leves*: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Estas penalizacións non se aplicarán sobre a pregunta 3, pois xa van incluídas na propia valoración da pregunta.